

## PLANTA PRIMEIRA



## BIODIVERSIDADE MARIÑA

### 6 MOLUSCOS COLECCIÓN ROLÁN

Preséntase unha mostra fotográfica dalgunhas das especies descubertas nas Illas de Cabo Verde por Emilio Rolán Mosquera, investigador “ad honorem” deste museo e malacólogo de gran prestixio internacional, recoñecido no “World Register of Marine Species” (WORMS) como o científico que descubriu mais especies mariñas desde que comezou este século, que a día de hoxe xa ten recoñecidas 922. Da súa colección malacolóxica móstranse exemplares representativos de diferentes familias que ofrecen unha atractiva visión da gran variedade de formas e cores das cunchas mariñas.



## PLANTA PRIMEIRA



## BIODIVERSIDADE MARIÑA

7 ALGAS  
INVERTEBRADOS

Exemplares deshidratados de algas bentónicas mariñas, representativas da flora do litoral galego, móstranse nun gran mural, fronte ao que, sobre a silueta dun gran polbo, pódense observar exemplares de invertebrados mariños, conservados en alcol, da colección doada pola Estación Biológica de la Nación (Santander) a comezos do século XX (1911-1914).




## PLANTA PRIMEIRA



## BIODIVERSIDADE MARIÑA

### 8 TARTARUGAS

A maioría son da mesma especie, o que serve para mostrar como, igual que ocorre na especie humana, as diferenzas xenéticas que existen entre os individuos quedan reflectidas nos seus aspectos externos distintivos



## PLANTA PRIMEIRA



## BIODIVERSIDADE MARIÑA

9 INVERTEBRADOS

Se mostran exemplares deshidratados de invertebrados mariños, entre os que figuran algún dos mais prezados mariscos galegos




## PLANTA PRIMEIRA



## BIODIVERSIDADE MARIÑA

10 PEIXES

Os peixes secos, pendurados do teito como se estivesen no mar, foron preparados no século XIX, moitos deles por ilustres naturalistas galegos, como Víctor López Seoane, e profesores desta universidade, como José Planellas Giralt



## PLANTA PRIMEIRA



## BIODIVERSIDADE MARIÑA

### 11 O LITORAL

Un gran diorama representa o litoral galego, con cantís, praia e marisma, nos que as rochas serven de soporte para plantas e unha gran variedade de aves mariñas, como corvos mariños, araos, mascatos e gaivotas . Tamén na praia e na marisma ofrecece unha representación da fauna e flora do litoral galego

